



## ROTEIROS ADEGA LUGO 2018 - 2019

# FAUNA D'AQUÍ

## DOMINGO, 20 DE XANEIRO ROTEIRO: OS MORCEGOS DAS COVAS DE VALE (BARALLA)

Visitaremos un dos escasos lugares de Galiza con afloramentos de rocha calcaria que, pola súa erosión subterránea, dan lugar a un conxunto de cavidades naturais, refuxio para moitos morcegos. Especialmente, descubriremos a contorna das Covas de Vale (Baralla), que actualmente se atopan ameazadas pola explotación dunha canteira e para a que ADEGA pide protección.

Partindo da aldea de Vilaesteva, no concello de Láncara, realizaremos unha ruta circular, con marcados cambios de altitude. Ascenderemos ata o Monte da Serra, sobre os 1.000 m, desde onde gozaremos dunhas espectaculares vistas, podendo albiscar incluso Sarria. Pasaremos o Monte das Labradas, xa en Baralla, e descenderemos por fermosas corredoiras entre bosque autóctono ata o pobo de Vale e as súas Covas. Achegarémonos a varias entradas destas cavidades, ás que non poderemos acceder debido á súa dificultade.

Continuaremos entre prados, acivros e frondosas pola zona de Abeleira, ata chegar a Casa Estevo e á vella canteira de Vilaesteva. Ao longo do percorrido poderemos falar do impacto ambiental e paisaxístico das numerosas canteiras da zona.

**Colabora:** Morcegos de Galicia

**Lonxitude:** 12,75 km

**Dificultade:** media-alta

**Reserva praza:** Web: <https://roteirosadegalugo.wordpress.com>

Teléfonos: 982.240.299 / 670.260.440

**Saída:** Avenida de Ramón Ferreiro (Fac. Formación do Profesorado) ás 9:00h.

**Prezos:** Xeral 18€ / Socios-socias 12€ / Estudantes ou en paro 15€ / Ata 14 anos 5€.

O pago deberá efectuarse con antelación e por transferencia bancaria.

Os roteiros son de xornada completa.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s.

As prazas asignaranse por orde de inscrición, antes do venres, 18 de xaneiro.

**PRÓXIMOS ROTEIROS**



+info:

[http://roteirosadegalugo.wordpress.com](https://roteirosadegalugo.wordpress.com)

ou

<http://adega.gal>

